

Concepción Vilas Cantelar, secretaria accidental do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que o Pleno do Concello de Ames, na súa sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 14 de febreiro de 2017, adoptou entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

“Punto segundo.- Acordos que procedan en relación aos recursos de reposición presentados contra o acordo do Pleno do Concello de 29/12/2016, de adjudicación da licitación da xestión do servizo público “Ciclo integral da auga” do Concello de Ames.

(.....)

Rematadas as intervencións, o Pleno da Corporación, por maioría absoluta do número legal de membros, coa abstención dos/as 3 concelleiros/as do grupo municipal Pacto x Ames e o voto a favor do resto dos/as concelleiros/as presentes da Corporación Municipal, adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Admitir a trámite os recursos de reposición formulados por ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS Y SOCIEDAD DE FOMENTO CASTELLONENSE, S.A. U.T.E. (a constituír) e ACCIONA AGUA S.A.U contra o acordo plenario de 29 de decembro de 2016, polo que se adjudica a licitación da xestión do servizo público Ciclo Integral do Auga do Concello de Ames.

Segundo.- Suspende o inicio da prestación efectiva do servizo que resulta do contrato formalizado en data 27 de xaneiro de 2017 entre o Concello e a adjudicataria, polos motivos expostos no informe conxunto dos departamentos de Intervención e Secretaría municipais.

Terceiro.- Publicar o acordo de suspensión no perfil do contratante.

Cuarto.- Solicitar á entidade IDOM Consulting Engineering Architecture, S.A.U. informe relativo as cuestións plantexadas nos recursos relativas ás puntuacións outorgadas aos licitadores, así coma as relativas aos respectivos estudos económico-financeiros e calquera outras cuestións que se consideren pertinentes en orden á mellor resolución dos recursos. Informe que deberá ser emitido no prazo de quince días dende a notificación do presente acordo.

Quinto.- Dar traslado a ESPINA Y DELFÍN, S.L. e a ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS Y SOCIEDAD DE FOMENTO CASTELLONENSE, S.A. U.T.E. (a constituír) dos indicados recursos de reposición ao efecto de que, no prazo de dez días, poidan formular as alegacións que estimen por oportunas e achegar os documentos e xustificantes que consideren convenientes na mellor defensa dos seus intereses.

Sexto.- Facultar ao alcalde para a realización das xestións oportunas para levar a efecto o acordado.

Sétimo.- Notificar o presente acordo aos interesados, con indicación de que contra o punto 2 do mesmo poderán interpor ou ben recurso potestativo de reposición no prazo de un mes dende a súa notificación perante o Pleno da Corporación Local, ou ben recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso Administrativo dos de Santiago de Compostela que por quenda corresponda, sen poder simultanear ambos recursos; e elo sen prexuízo dos restantes recursos legais que a parte entenda procedentes. Conta o resto dos puntos do presente acordo non cabe recurso algún, ao ser actos de trámite non cualificados, sen prexuízo de que o interesado poida facer valer a súa oposición para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento.”

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente certificación co visto e prace do señor alcalde en Ames, a 16 de febreiro de 2017, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace

A secretaria accidental

O alcalde

José M. Miñones Conde

Concepción Vilas Cantelar